

Sr. Alcalde.
Amigas e amigos.
Querida Xohana.

Foi desexo teu e do alcalde de Ferrol que Edicións A Nosa Terra tecese con fotos de Xan Carballa e poemas teus no obradoiro noso este libro.

Xosé Puga, Carlos Soaxe, Carme Vidal e mais Xan Carballa laboraron como no códice sagrado as imaxes da cidade de Ferrol, a bisbarra, a ría.

Teño nas mans este libro *Corazón de navío*.

Os teus textos e as imaxes que me entregan un Ferrol amado que me iniciou máis unha vez á realidade do país, nesta cidade de tecedeiras de sonhos, de labregas do mar, de labradoras das verdades máis eternas.

Sei, amiga, que de ti só sabemos esa onda, e que quizais non deberamos saber máis porque ti dáste total, inteira, nos teus poemas, mais permíteme ler na palma da túa man este futuro de sonhos que é o teu pasar ingrave, a túa escrita na pel do tempo que é a infancia e a adolescencia ferroláns. Porque como ben dis *nada se entenderá de todo se antes non regresamos ao punto de partida*.

Véñenme á memoria poemas de Cunqueiro na túa voz cálida como un eco de voces antigas, dunha lingua viva na continua mutación do seu corpo sen corpo, para nos dar o idioma que permanece, o son da súa música.

Con ela os poetas e as poetas vimos hoxe a dicir, coas nosas voces, os teus poemas onde paira a luz, o primeiro voo da crisálida.

Collo o teu *Corazón de navío* e tréménme nas mans tanta luz coa súa antiga claridade adolescente. Leo os teus poemas: máncanme de tan leves as túas lembranzas que envolve unha fita roxa.

Coas sombras sen sombra das túas palabras, a que lugar nos levas, a que lugar da historia de noso, da nosa literatura entrache da man de *Don Ricardo Carballo Calero*.

Quen puidera ter aprendido da súa man os cancioneros tecidos con palabra de música e verdade, e o son do tempo. E subir coeles aos cumes máis altos da cultura que nos permitiron ollar todo o albor do mundo.

Aturuxo, Vieiros e Grial acolleron os teus poemas, foron acollendo as túas tímidas folerpas de luz.

Contigo Xoana buscamos secretos orballos

Nos teus libros de poemas

Do sulco

Estacións ao mar

Elexías a Lola

Tempo de ría

énchesnos o mar sen noite de espellismos, dásnos na antiga palabra unha palabra nova: ***Adios María***

Do teatro da vida déchesnos escrita. Teatro déchesnos

*A outra banda do iberr
Un hotel de primeira sobre o río*

Para un soñar infantil nas azas do cabaliño do demo troixechesnos para os nenos

*Polo mar van as sardiñas
Pericles e a balea*

E así hoxe, de porto en porto, tráenos. Lévasnos da túa man con *Corazón de navío* polo Ferrol, para descifrar o signo e as súas profecías.
Permíteme que percorra coas palabras túas o Ferrol das túas lembranzas de nenez:

Polo horizonte sempre cruzaba un barco e as fiestras enmarcaban xeometrías de guindastres, mastros, bandeiras.

Na parede, o almanaque de taco de Miguel Maristany, efectos navais, da rúa San Francisco, coas lúas e as mareas e os ortos e os ocasos en puntual suceso. E o barómetro, que precedía ás chuvias.

Detrás dos muros brancos do arsenal cabeceaban os paos do Galatea e chiaban as gaivotas.

O porto de lorref son recordos da flota de bacallao, da fábrica de xeo e o carro -un vello e un cabalo canso- coa mercancía de reparto a gotear no asfalto. As rúas do porto, que escapaban, a meticulosa orde no trazado urbano, eran aporveitadas para fregar a louza nos patios de veciños e poñer a roupa a clareo. As peixeiras bebían caña cos homes á madrugada e en calquera momento saía música dos locais onde sempre é de noite.

Casas consignatarias, escudos dos consulados, Dinamarca, Inglaterra, a memoria repite o cheiro a brea e picadura de estanco, estreitiño, pintado de gris, onde vendían tamén prensa e botóns de nácar.

A mirada da nena presente xa o significado das ausencias, a certeza de que sempre haberá algo que non poderá ser, nunca, nin ese tempo en que todo é posible.

O mar é o absoluto. Só o pano que se despide marca a dirección da viaxe.

Estiven na túa recepción na Academia Galega.

Tanta a ternura que pode un ler nos teus ollos da cor do mar maior, que tomaron a luz do teu *Canido* desde onde ollabas o nacer do mundo e o albor e o solpor e todas as navegacións.

Permíteme *Xohana* que convoque en *Lola*, en *Amelia*, en *Pura*, en *Mama Teresa*, á *estirpe das avoas primixenias, de austera e miúda arquitectura*.
Porque en palabras túas que comparto

Son as gardianas dunha lingua secular, debeda que nunca lle pagaremos

Para elas este verso teu

Bendita sexa a que esmagaba os acios para facer o viño como se fose a luz

Querida Xohana. Como branco lenzo ao sol tendido no prado outonal pousa a túa memoria de Ferrol núa esta tarde xa noite, recolle para ti dalías dun xardín segredo e funda a miña memoria de ti para sempre nos teus poemas na túa voz.

Lévoa comigo amantiña como auga mancial.